



## Guía Docente

Datos Identificativos					2019/20
Asignatura (*)	Español Actual	Código	613G01028		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Mascato Rey, Rosario	Correo electrónico	rosario.mascato@udc.es		
Profesorado	Mascato Rey, Rosario	Correo electrónico	rosario.mascato@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Ampliación do estudo sincrónico da lingua española				

## Competencias do título

Código	Competencias do título
--------	------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
1. Profundar nalgúns aspectos que completan a visión da lingua española actual.	A1 A3 A19 A20 A21 A22	B5 B8	C1 C2
2. Estudar as características da lingua oral, especialmente na súa manifestación máis xenuína que é a conversación coloquial.	A1 A19 A20 A21	B1 B3 B5 B7	
3. Achegarse a algúns feitos pragmáticos observados no uso da lingua española, principalmente na súa modalidade oral conversacional.	A2 A3 A11 A15 A20 A21	B6	
4. Introducirse no estudo da lingua española empregada en internet, analizando as súas características lingüísticas, pragmáticas e textuais.	A2 A5 A11 A15 A19 A21 A22 A23	B1 B2 B4	

## Contidos

Temas	Subtemas
-------	----------



1. Introducción: a lingua española. Situación actual	<p>1.1. O español no mundo</p> <p>1.2. A unidade do idioma</p> <p>1.3. O español como lingua internacional</p>
2. Español oral e español escrito	<p>2.1. Oral / escrito: oposición binaria e oposición gradual</p> <p>2.2. A oralidade no texto escrito</p>
3. O español na internet	<p>3.1. Características ortográficas, sintácticas e léxicas</p> <p>3.2. A escritura ideofonemática</p> <p>3.3. Características textuais</p>
4. O español conversacional	<p>4.1. A conversa coloquial</p> <p>4.2. As unidades conversacionais</p> <p>4.3. Características fónicas, morfosintácticas e léxico-semánticas</p> <p>4.4. Estratexias pragmáticas</p> <p>4.4.1. A cortesía verbal</p> <p>4.4.2. A intensificación</p> <p>4.4.3. A atenuación</p> <p>4.4.4. A conexión: os marcadores do discurso</p>

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A3 A11 A21 A22 A23 B1 B3	2	16	18
Proba mixta	A1 A2 A3 A5 A11 A15 A19 A20 A21 A22 B3 B4 B5 B6 B7	2	12	14
Sesión maxistral	A1 A3 A11 A20 A21 B5 B7 B8	11	15	26
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A5 A11 A15 A19 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C2	1	14	15
Presentación oral	A5 A15 B2 B4 B6	2	4	6
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A3 A11 B3 B5 B7	4	0	4
Estudo de casos	A1 A2 A3 A5 A15 A21 B1 B2 B6 B7 B8 C1 C2	9.5	18	27.5
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Lecturas	O alumnado estará ao día das lecturas recomendadas polo profesorado ao inicio de cada tema. Estas lecturas son fundamentais para o seguimento da materia.
Proba mixta	O día sinalado no calendario de exames da Facultade, o alumnado realizará o correspondente exame que terá carácter teórico e práctico.
Sesión maxistral	O profesorado exporá na aula os contidos principais de cada tema.
Traballos tutelados	O alumnado realizará un traballo tutelado, ben de xeito individual, ben en grupo. O profesorado proporcionará os temas e lecturas para o mesmo, ao igual que as indicacións precisas para a súa elaboración a través da plataforma Moodle. O seguimento dos traballos realizarase en horario de tutorías.
Presentación oral	Os traballos serán expostos oralmente na aula. As características coas que deberán contar estas exposicións, así como os criterios de avaliación das mesmas, serán distribuídos entre o alumnado a través da plataforma Moodle.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Os alumnado asistirá aos eventos científicos ?sesións de congresos, coloquios, conferencias? relacionados cos contidos da materia.
Estudo de casos	Unha parte da materia consistirá na realización de exercicios, comentarios e debates nos que o alumnado aplicará os coñecementos adquiridos ao longo das sesións teóricas da materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Estudo de casos Proba mixta	O alumnado consultará co profesorado, ben de xeito presencial no horario de tutorías, ben por correo electrónico, aqueles problemas surxidos no seu estudio, na elaboración do traballo ou na realización de exercicios ou comentarios.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A5 A11 A15 A19 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C2	O asunto, características, proceso de realización, condicións de avaliación, procedemento e data de entrega do traballo tutelado serán detallados nun documento exposto en Moodle.	20
Estudo de casos	A1 A2 A3 A5 A15 A21 B1 B2 B6 B7 B8 C1 C2	Dous dos exercicios propostos ao longo do cuatrimestre serán entregados á docente para a súa avaliación. As datas de realización e recollida destes exercicios serán determinadas na aula, con tempo de antelación suficiente para que o alumnado os poida preparar.	20
Proba mixta	A1 A2 A3 A5 A11 A15 A19 A20 A21 A22 B3 B4 B5 B6 B7	Realizarase no día indicado no calendario oficial de exames fixado pola Administración da Facultade. Trátase dunha proba teórico-práctica na que o alumnado deberá demostrar ter asimilado os contidos estudados ao longo do cuatrimestre.	50
Presentación oral	A5 A15 B2 B4 B6	O traballo académico realizado por escrito será exposto de maneira oral. Valorarase a sultura na exposición, a adecuación ao estilo académico e a utilización de axudas técnicas.	10

### Observacións avaliación



1. En todas as actividades escritas (exame, traballos, exercicios, comentarios...), será valorado o uso correcto e axeitado da lingua española, especialmente para fins académicos.

2. A calificación obtida na proba mixta ou exame deberá ser, como mínimo, un 4 (sobre 10) para poder aprobar a materia, tanto en primeira como en segunda oportunidade.

3. Os traballos e restantes actividades entregados fora do prazo estipulado serán penalizados cun 50 % da nota. 4. Calquera falta de honradez académica (plaxio, utilización de textos ou ideas dos autores sen indicar a procedencia, copia en exames ou outras variábeis destas características) será penalizada coa anulación total da actividade de que se trate. 5. Obterá a calificación de NP (non presentado) o alumnado que non se presente ao exame, aínda que teña realizado as restantes actividades. 6. O alumnado que teña que superar a materia en segunda oportunidade recuperará tan só as actividades que tiver suspensas. Nese caso, o profesorado facilitará as indicacións oportunas a propósito das características do traballo, presentación oral ou entrega de exercicios por medio da plataforma Moodle, indicando as datas e procedementos de entrega, para que o alumnado poida organizar con tempo suficiente as tarefas para a segunda oportunidade. 7. A materia poderá ser adaptada ao estudantado con necesidades especiais, así como ao estudantado procedente de convenios e programas internacionais que non teña un nivel de competencia lingüística en español semellante ao nativo. Nestes casos, as persoas afectadas deberán contactar de maneira inmediata á docente no inicio do cuatrimestre, tras a súa incorporación á materia. 8. O nivel mínimo de competencia lingüística recomendado para cursar esta materia, no caso do estudantado Erasmus e de convenios internacionais, é un B1 dacordo co Marco Europeo para o Ensino e Aprendizaxe de Linguas. Alumnado con dispensa académica de exención de asistencia Os procedementos e porcentaxes de avaliación serán os seguintes: - Proba mixta, na mesma data e coas mesmas características que todo o restante alumnado: 50 %-Traballo tutelado: 50 % As titorías concertaranse por correo electrónico e terán lugar en horario axeitado tanto para o alumnado como para a docente. Oportunidade extraordinaria de decembro O alumnado en disposición de optar a examinarse da materia na convocatoria extraordinaria en decembro será avaliado a través da realización de un exame que suporá o 100% da calificación.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	Ao inicio de cada tema proporcionarase unha bibliografía específica, indicarse a que é de lectura obrigatoria ou de lectura recomendada e concretarse se está dispoñible na plataforma Moodle ou se debe ser localizada e obtida polo alumnado. BRIZ, A. (1998): El español coloquial en la conversación, Barcelona, Ariel. BRIZ, A. (coord.) (2008): Saber hablar, Madrid, Aguilar. CALSAMIGLIA, H. y A. TUSÓN (2007 [1999]): Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso, Barcelona, Ariel. KOTSCHI, T., W. OESTERREICHER y K. ZIMMERMANN (eds.) (1996): El español hablado y la cultura oral en España e Hispanoamérica, Madrid-Fráncfort, Iberoamericana-Vervuert. LÓPEZ ALONSO, C. (2014): Análisis del discurso, Madrid, Síntesis. PORTOLÉS, J. (2004): Pragmática para hispanistas, Madrid, Síntesis. REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA (2009): Nueva gramática de la lengua española, Madrid, Espasa.
<b>Bibliografía complementaria</b>	ALBELDA, M. (2007): La intensificación como categoría pragmática: revisión y propuesta, Fráncfort, Peter Lang. BRIZ, A. y GRUPO Val. Es. Co. (2000): ¿Cómo se comenta un texto coloquial?, Barcelona, Ariel. BUSTOS TOVAR, J. J. de y otros (coords.) (2011): Sintaxis y análisis del discurso hablado en español. Homenaje a Antonio Narbona, Sevilla, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Sevilla. FUNDÉU (2012): Escribir en internet. Guía para los nuevos medios y las redes sociales, Barcelona, Galaxia Gutenberg / Círculo de Lectores. HAVERKATE, H. (1994): La cortesía verbal, Madrid, Gredos. LOUREDA, Ó. y E. ACÍN (eds.) (2010): Los estudios sobre marcadores del discurso, hoy, Madrid, Arco Libros. ROMERO, M.ª V. (coord.ª) (2006 [2002]): Lengua española y comunicación, Barcelona, Ariel. VILÀ I SANTASUSANA, M. (coord.ª) (2005): El discurso oral formal, Barcelona, Graó.

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Española 1/613G01001  
Lingua Española 2/613G01013

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Variedades do Español/613G01032

## Observacións



Esta materia complementase con "Variedades del español", asignatura optativa que se imparte no segundo cuatrimestre.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías